


NOTA INFORMATIVA



Infórmase ás familias que presentaron solicitude de admisión para cursar 1º de bacharelato no IES Espiñeira, de que a partir de **luns día 25 de marzo** e ata o **venres 5 de abril** poderán presentar a documentación correspondete para xustificar os criterios de baremación alegados. Estes criterios, recollidos no art. 19 da *orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, son os seguintes:

- a) Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro.
- b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado.
- h) Ademais, para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumnado.
- i) Criterios establecidos por cada centro educativo, consistentes noutras circunstancias relevantes e xustificadas, de acordo con criterios obxectivos, que deberán ser publicados coa necesaria antelación ao inicio do proceso de admisión.

Para calquera dúbida ou aclaración diríxanse directamente á secretaría do centro (tlf. 881 866 629 / 30).

Importante: as familias que presentarán solicitude de admisión para outros cursos non teñen que aportar documentación xustificativa destes criterios por haber dispoñibilidade de prazas.

En Boiro, a 22 de marzo de 2019

A Dirección.

